

MANIFESTO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 2025

O Concello de Viana do Bolo súmase un ano máis á Declaración Institucional con motivo do Día Internacional da Muller da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

Reafirmamos, así, o compromiso deste concello cos dereitos das mulleres, cara a acadar a igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local dende o pulo de medidas concretas que reforcen os dereitos das mulleres e as nenas, para que sexan protagonistas do seu propio presente.

Este ano facémolo baixo a lema “Dereitos, Igualdade e Apoderamento para todas as mulleres e nenas”, promovido desde ONU - Mulleres, facendo un chamado á acción para acadar a igualdade de dereitos e oportunidades para todas as mulleres, e en especial as mulleres novas e as nenas, agora que se compren 30 anos de Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, adoptada por cento oitenta e nove gobernos durante a Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, celebrada na capital chinesa.

Trinta anos despois segue sendo necesario reforzar a nivel global e local a aplicación de medidas en tres áreas clave:

- Fomento dos dereitos das mulleres e nenas fronte a toda forma de violencia, discriminación e explotación.
- Promoción da igualdade de xénero elevando as voces das mulleres e nenas para acabar coas desigualdades.
- Impulsar o apoderamento garantindo o acceso inclusivo de mulleres e nenas á educación, o emprego, o liderado e os espazos de toma de decisións.

En canto ás políticas locais, este concello é consciente de que aínda queda moito por avanzar prol da igualdade real, polo que mantén o seu compromiso:



- Coa promoción da participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade nas corporacións e nas alcaldías.
- Coa incorporación da perspectiva de xénero en todas as políticas e programas locais, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.
- Coa aplicación de medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.
- Coa atención específica ás nenas e ás mulleres novas; ás mulleres do medio rural, e ás mulleres con discapacidade, para acadar as reivindicacións sinaladas nesta declaración institucional.
- Coa elaboración de campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres e as nenas vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.
- Coa colaboración e coordinación das administracións locais, pola súa proximidade á cidadanía, coas administracións autonómica e estatal para prestar os servizos de calidade que permitan conseguir cidades e vilas libres de violencias machistas, onde a autonomía e independencia das mulleres sexa unha realidade presente.

Porque acadar a igualdade é cousa de TODAS E TODOS!!